



# CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

## REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓNS DE FEITO DO CONCELLO DE FRIOL. -

Exposición de motivos:

Na sociedade actual, moitas persoas constitúen unidades de relación afectiva de carácter estable sen chegar a formalizalas nun contrato matrimonial, unións que dan lugar a verdadeiros núcleos familiares non suxeitos actualmente a ningunha regulación xurídica, máis alá da interpretación que os xuíces e tribunais formulen naqueles casos nos que o desamparo do dereito produce a xudicialización dos conflitos. Xurdiu así nos últimos anos unha inxerencia social respecto a que as parellas de feito vexan garantido o seu dereito á non discriminación social en base ó que establece o artigo 14 da Constitución.

Dacordo co disposto nos artigos 1.1º, 9,2º, 10,1º e 14 da Constitución o libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade ante a Lei, constitúen principios fundamentais do noso ordenamento xurídico e social, e demandan de todos os poderes públicos a promoción das condicións para que esta liberdade e igualdade dos cidadáns e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo eliminarse os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A esixencia constitucional da igualdade e liberdade está dirixida a tódolos poderes públicos e por isto, mentres non se promulguen as disposicións legais pertinentes e sen prexuízo da aplicación analóxica ou dunha interpretación xudicial adecuada á realidade social dos nosos tempos (art. 3.1 do Código Civil), parece axeitado intentar ofrecer, incluso no reducido ámbito da administración municipal, un instrumento xurídico que favoreza a igualdade e garanta a protección social económica e xurídica das familias constituídas mediante unións non matrimoniais, con independencia da súa orientación sexual.

Por todo isto, coa finalidade de que poida quedar constancia no ámbito da administración municipal, tanto a efectos de inscrición no padrón municipal de habitantes como do resto de asuntos e servizos a cargo deste Concello, sen prexuízo doutras finalidades que pidan considerarse lexítimas e sen que en ningún caso isto poida representar alteración ou intromisión nas competencias que poidan corresponder a outros organismos ou rexistros públicos, apróbase o **REGULAMENTO** seguinte:

**Artigo 1º.- Carácter e ámbito de aplicación.-** Créase no Concello de Friol un Rexistro Municipal de Unións de Feito, de carácter administrativo, no que se poderán inscribir, de xeito totalmente voluntario, as unións de convivencia non matrimonial, con independencia da súa orientación sexual, do xeito e cos requisitos establecidos no presente regulamento.

**Artigo 2º.- Requisitos persoais.-** Poderán solicita-la inscrición no Rexistro de Unións de Feito do Concello de Friol, aquelas persoas que convivan en parella por libre e pleno consentimento, que teñan constituída unha unión de feito de convivencia non matrimonial, dun xeito libre, público e notorio, vinculadas dun xeito estable, entre parellas, con independencia da orientación sexual, por existir unha relación de afectividade.

Inscribiranse as solicitadas en instancia subscrita polos dous membros da unión e trala declaración formal respecto da existencia da unión realizada en comparecencia persoal e conxunta ante o Secretario do Concello, ou do funcionario encargado, que actuará por delegación do mesmo, unha vez que se complete o expediente contradictorio regulado no presente, con resolución favorable á inscrición solicitada.

A solicitude e declaración formalizaranse en modelos normalizados que figuran como anexo ó presente regulamento.

Ademais poderán anotarse os convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais dos membros da unión de feito, sempre que non conteñan disposicións contrarias ás leis ou ós dereitos dos conviventes. A anotación farase en extracto, facendo referencia ó soporte documental e ó expediente administrativo da unión, arquivándose un exemplar do convenio.

**Artigo 3º.- Tramitación do expediente contradictorio.-** A solicitude de inscrición dirixirase ó Sr. Alcalde-Presidente conforme ó modelo que figura como anexo, na que se reseñará:

- O nome, apelidos, lugar de nacemento, estado civil, enderezo, número de D.N.I. de ambos, que constitúen unha unión de feitos nos termos previstos no presente Regulamento.
- Que son maiores de idade ou menores emancipados, acreditándose coa fotocopia do Documento Nacional de Identidade, ou documentos acreditativos da emancipación, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Que non foron declarados incapacitados, nin están incurso nas prohibicións recollidas nos artigos 46 e 47 do Código Civil.
- Que están empadroados no Concello de Friol; acreditarase mediante certificado de empadramento, que se incorporará de oficio, unha vez presentada a solicitude de inscrición e comprobado este dato polo responsable do padrón municipal.
- Que non están ligados por vínculo matrimonial anterior, ou inscritos como membros doutras unións de feito non canceladas,
- Que non teñen parentesco por consanguinidade ou adopción, en línea recta ou colateral ata o terceiro grado.
- Reseñarase se existe convenio regulador das relacións persoais ou patrimoniais que pretendan reflexar na inscrición.

A solicitude de inscrición acompañarase a seguinte documentación:

- Copia autenticada dos seus documentos de identidade.
- Certificado ou fe de vida e estado civil das persoas interesadas.
- Declaración responsable de cada un dos membros da parella de non figurar como membros doutras unións de feito non canceladas, así como de non estar unidos por vínculo matrimonial.
- Declaración responsable de non ter parentesco por consanguinidade ou adopción en línea recta ou en línea colateral dentro do terceiro grado.
- No seu caso, certificación literal dos asentos do Rexistro de Unión de Feito do concello onde figurara con anterioridade inscrita a unión de feito.
- Declaración responsable realizada en comparecencia persoal e conxunta da existencia efectiva da unión de feito, pública, estable e ininterrumpida por un período de ó menos tres meses inmediatamente anteriores, avalada por dúas testemuñas maiores de idade, en pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- No caso de solicitarse incripción de convenio regulador das súas relacións persoais e patrimoniais, acompañarase un orixinal ou copia autenticada do mesmo.

O Alcalde-Presidente será o órgano competente para resolver sobre calquera tipo de inscrición que se pretenda efectuar no rexistro así como para a regulación do acceso, rectificación e cancelación dos datos cando proceda.

Unha vez presentada a solicitude, a subsanación da falta de documentación, a instrucción, suspensión e resolución do expediente, rexerase polo establecido na vixente lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

As resolucións que se dicten relativas á inscrición, modificación ou extinción, así como as de inscricións de actos complementarios, adoptaranse no prazo máximo dun mes, a partir da data de rexistro de entra da última documentación incorporada polos interesados ó expediente; transcorrido o prazo, sen que se houbera dictado resolución, entenderase desestimada por silencio administrativo.

**Artigo 4º.- Do Rexistro.-** O rexistro materializarase nun Libro Xeral a cargo da Secretaría do Concello, no que se practicarán as inscricións e anotacións das unións de feito do Concello de Friol previstas no presente Regulamento. Este libro estará formado por follas móbiles, segundo modelo que figura como anexo ó presente regulamento, foliadas e seladas e encabazarase e rematará coas correspondentes dilixencias de apertura e peche.

A primeira inscrición de cada parella terá o carácter de inscrición principal e á marxe da mesma anotarase o número das páxinas do libro xeral nas que existan anotacións que lles afecten. O Rexistro terá un Libro Auxiliar no que figurarán por orde alfabética dos seus apelidos os inscritos no Libro Xeral.

**Artigo 5º.- Modificacións.-** Calquera modificación posterior dos datos inscritos en canto ó Convenio e feitos ou circunstancias, deberase efectuar mediante comparecencia persoal e conxunta dos membros da unión de convivencia non matrimonial.

**Artigo 6º.- Extinción e cancelación.-** A extinción da unión de feito poderá ser polos motivos seguintes:

- Mutuo acordo.
- Vontade unilateral dun dos membros da parella, sendo necesario que o feito esté en coñecemento da outra parte, ben previa audiencia do outro, ou ben demostrando o abandono efectivo da convivencia en



# CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

parella a través de documentos que o acrediten (baixa no padrón, cambio de enderezo ou acta notarial).

- Morte ou declaración de falecemento dalgúns dos seus membros.
- Matrimonio dalgún dos membros.

Tamén procederá a baixa cando por traslado do enderezo habitual, ningún dos membros da unión de feito se encontre empadroado no Concello de Friol.

Os membros da unión de feito están obrigados a solicita-la cancelación da inscrición no Rexistro Municipal de Parellas de Feito deste Concello cando concorran calquera das causas que dan lugar a extinción da unión. A declaración da extinción da unión producirá a cancelación das inscrición practicadas.

**Art. 7.- Publicidade.-** O rexistro de unión de parellas de feito do Concello de Friol, estará a cargo da Secretaría Xeral do Concello. Co fin de garantir a intimidade persoal e familiar dos inscritos no Rexistro, non se lle dará publicidade ningunha ó contido dos asentos, agás as certificacións que expida a Secretaría Xeral do Concello a instancias, exclusivamente, de calquera dos membros da unión de feito interesados ou de xuíces e tribunais de xustiza, así como a cesión de datos a outras administracións públicas para o desempeño das súas atribucións ou con fins estatísticos, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

**Artigo 8º.- Gratuidade.-** As inscricións serán gratuítas, así como as modificacións, renovacións ou baixas.

**DISPOSICIÓN FINAL.-** O presente Regulamento do Rexistro Municipal de Unións de Feito do Concello de Friol, entrará en vigor unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2. en relación co art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

## ANEXOS.

### **MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE UNIÓNS DE FEITO DO CONCELLO DE FRIOL**

Don/Dona... con DNI nº .... e  
Don/Dona, con DNI nº..., maiores de idade,

Empadroados no Concello de Friol, con enderezo común en .....e teléfonos nº... .

#### **EXPOÑEN:**

Que reúnen os requisitos esixidos no Regulamento do Rexistro de Unións de Feito do Concello de Friol, aprobado por acordo plenario de data ..... e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº ..... de data ..... acreditados coa documentación seguinte, que se achega ós efectos oportunos:

- Fotocopias cotexadas dos DNI.
- Documentación acreditativa de emancipación.
- Certificado de estado civil das persoas interesadas.
- Declaracións responsables respecto de cumprir os requisitos esixidos no artigo 3 do devandito regulamento.

**SOLICITAN**, libre e voluntariamente.

**PRIMEIRO.-** A inscrición no devandito rexistro como unión de feito.

**SEGUNDO.-** A constancia no Rexistro dos convenios feitos e circunstancias que se especifican en folia que se achega á solicitude.

Friol, a ..... de ..... do .....

Asdo.

Asdo.

---oOo---



# CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

## MODELOS DE DECLARACIÓN RESPONSABLES

Don/dona..... con DNI nº ..... e  
Don/Dona..... con DNI nº,.....  
Empadroados no Concello de Friol, con enderezo en .....

Os efectos establecidos no artigo 3º do Regulamento de Unións de Feito do Concello de Friol realizan a seguinte:

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

**Primeiro.** - Que son maiores de idade.

**Segundo.** - Que non foron declarados incapacitados por sentenza xudicial firme.

**Terceiro.** - Que o seu estado civil actual é:

**Don/Dona.** .....

Don/Dona.....

**Cuarto.** - Que actualmente forman unha unidade de convivencia non matrimonial estable, no enderezo citado na instancia.

**Quinto.** - Que os declarantes non formamos parte doutras unións de feito nin temos vínculo matrimonial con terceiras persoas.

**Sexto.** - Que coñecen o articulado do Regulamento e que se comprometen a comparecer persoal e conxuntamente no suposto de modificacións posteriores dos datos inscritos en canto a convenios, feitos ou circunstancias manifestadas na solicitude inicial.

Friol a ..... de .....do .....

Asdo.:

Asdo.:

## MODELO DE FOLLA DE INSCRICIÓN DO REXISTRO

(Selo da entidade) Sinatura do/a Secretario/a (Folio Nº...)

Inscripción nº ....

Data de solicitude da inscrición...

Nº de rexistro da entrada .....

Enderezo .....

Sendo as..... horas do día .... de .....do ....., comparecen perante min, D/Dª ..... Secretario/a do Concello de Friol, as persoas que a continuación se relacionan:

Don/Dona....

**Don/Dona.** ...

O obxecto da comparecencia é manifestar :

**Primeiro.** - Que son certos tódolos datos consignados na solicitude formulada para a inscrición no Rexistro Municipal de Unións de Feito, así como na declaración e demais documentación presentada coa mesma.

**Segundo.** - Que no día de hoxe forman unha unidade de convivencia estable no enderezo no que aparecen empadroados.

**Terceiro.** - Que solicitan quede constancia, mediante transcrición literal, dos seguintes convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión de feito.....

**Cuarto.** - Que solicitan quede constancia dos feitos seguintes de circunstancias relevantes que afectan á unión non matrimonial..



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Logo da lectura íntegra de tódolo exposto, os comparecentes ratifícanse no manifestado e, en proba de conformidade, asinan ante min, Secretario/a, que dou fe, o presente documento en Friol a ... de... do... .